

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA deste concello, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta a seguinte **MOCIÓN** a respecto da política municipal en materia de deportes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deporte, a súa práctica, ten un enorme potencial educativo na divulgación de valores sociais e morais, mais tamén xera grandes beneficios físicos e de saúde.

Neste mandato que xa remata, todos os grupos da corporación presentamos mocións a respecto da promoción e práctica do deporte no noso concello. Propuxéronse acordos ben distintos, que tanto demandaban a creación de premios deportivos con carácter periódico como a promoción de eventos deportivos nas parroquias do concello.

Asemade reclamáronse actuacións sobre as instalacións deportivas existentes, tanto no Estadio da Alta como no de Cadreche e no Polideportivo da rúa Venecia.

É o caso que se solucionaron problemas puntuais nos dous campos de fútbol pero aínda así seguen a presentar amplas carencias, nomeadamente o de Cadreche, que ademais das obras aínda pendentes precisa dun proxecto integral que signifique unha mellora total das súas instalacións, de xeito que deixe de ser unha instalación considerada de segunda orde e compita en igualdade co Estadio da Alta.

Dos dous pavillóns deportivos cos que contamos, o polideportivo do polígono da Tomada esmorece sen que en ningún momento se fixera nada para deter ou cando menos frear o seu absoluto deterioro e o da rúa Venecia agarda que se inicien as obras acordadas.

Tamén no caixón dos proxectos se atopa o módulo acordado para o Estadio da Alta.

Nas parroquias a situación das instalacións deportivas é aínda máis triste, pola práctica inexistencia de tales elementos, nin sequera os aprobados por unanimidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal da Pobra do Caramiñal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Denunciar a actuación do goberno municipal no eido da promoción do deporte e do mantemento e mellora das instalacións existentes.
2. Esixir do goberno a realización:
 - a. Das obras solicitadas para as instalacións de Cadreche e a redacción dun proxecto que teña como fin a mellora xeral das mesmas;
 - b. A mellora das pistas de Granxa e Pontebarbanza;
 - c. Estudar a construción dun novo polideportivo;
 - d. Establecer un plan de mantemento e usos das instalacións deportivas; e
 - e. Acordar coas agrupacións deportivas existentes no concello a política a levar a cabo, tanto na celebración de eventos como no uso das instalacións, actuais e futuras.

A Pobra do Caramiñal, 15 de marzo de 2019

CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL
REXISTRO ENTRADA
2019-E-RC-1486
15/03/2019 12:37



Ramiro Ouviaña Ouviaña
Concelleiro e Portavoz do G.M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.